



LUUUME!



HABÍA UNHA VEZ UN PEQUENO MISTO QUE ANDABA SEMPRE ENFURRUÑADO. CANDO MAMÁ PINZA O ESPERTABA PARA IR Á ESCOLA...

Había unha vez un pequeno Misto que andaba sempre enfurruñado. Cando mamá Pinza o espertaba para ir á escola...



1.- Como estaba sempre Misto? Subliña a palabra no texto en maiúsculas e minúsculas e despois escríbea.

.....

.....
.....

.....

2.- Cando te enfurruñas ti? Agora dibuxa a Misto e a ti enfurruñado/a.





- NON QUERO! NON QUERO E NON QUERO! -
VOCEXABA MISTO.

- PERO MISTO, XA É DÍA, HAISE QUE LEVANTAR -
DICÍALLE A MAMÁ PINZA.

- QUE NON! QUE NON E QUE NON!- VOLVÍA BERRAR.

- Non quero! Non quero e non quero! - voceaba
Misto.

- Pero Misto, xa é día, haise que levantar -
dicialle a mamá Pinza.

- Que non! Que non e que non!- volvía berrar.

3. Subliña a palabra que máis repite Misto.

4. Escribe o contrario ou antónimo de NON.

.....

.....

5. Que non quería facer Misto?

.....

.....

6. Escribe algo que non che gusta facer.

.....

.....



E ANOXÁBASE TANTO QUE UNHA CALORIÑA
COMENZABA A SUBIRLLE POLO CORPO ATE
CHEGARLLE Á CABEZA, EMPEZABA A BOTAR
CHISPAS, ENTÓN...

LUUUME! E MAMÁ PINZA SOPRABA E SOPRABA ATA
QUE MIXTO SE APAGABA.

E anoxábase tanto que unha caloriña
comenzaba a subirlle polo corpo ate chegarlle
á cabeza, empezaba a botar chispas, entón...

LUUUME! e mamá pinza sopraba e sopraba ata
que Mixto se apagaba.

7. Cando se anoxaba Misto que pasaba?

.....

.....

8.- Escribe o que lle pasaba cando empezaba a botar
chispas?

.....

.....

9.- Que pasaba cando sucedía eso?

.....

.....



CANDO A MESTRA NOVELO LLE PEDÍA QUE TRABALLARA COMO FACÍAN OS DEMAIS...

- NON QUERO, NON QUERO E NON QUERO! -
PROTESTABA MISTO.

- PERO MISTO, XA É HORA, HAI QUE PARTICIPAR -
EXPLICÁBALLE A MESTRA NOVELO.

- QUE NON! QUE NON E QUE NON! - VOLVÍA
REPLICAR.

Cando a mestra Novelo lle pedía que traballara como facían os demais...

- Non quero, non quero e non quero! -
protestaba Misto.

- Pero Misto, xa é hora, hai que participar -
explicáballe a mestra Novelo.

- Que non! Que non e que non! - volvía
replicar.

10. Como se chamaba a mestra de Misto?

.....

11. Que lle mandaba facer a mestra?

.....



E OUTRA VEZ, CO ENFADO, A CALOR INVADÍA O SEU CORPO, SALTABAN AS CHISPAS E, ENTÓN...

LUUUME!

E A MESTRA NOVELO SOPRABA E SOPRABA ATA QUE MISTO SE APAGABA.

E outra vez, co enfado, a calor invadía o seu corpo., saltaban as chispas e, entón...

LUUUME!

E a mestra Novelo sopraba e sopraba ata que Misto se apagaba.

12. Pásache a ti o mesmo que a Misto cando as tías mestras mándanche facer as tarefas?

.....

.....

13. Dibuxa a última escena do texto.



CANDO AS SÚAS AMIZADES RESORTE, BOTÓN E PARAFUSO LLE PROPUÑAN XOGAR...

- NON QUERO! NON QUERO E NON QUERO! - ROSMABA MISTO.
- PERO MISTO, XA É O RECREO, HAI QUE APROVEITAR - ANIMÁBANO AS SÚAS AMISTADES.
- QUE NON! QUE NON E QUE NON! - VOLVÍA ROÑAR.

Cando as súas amizades Resorte, Botón e Parafuso lle propuñan xogar...

- Non quero! Non quero e non quero! - rosmaba Misto.
- Pero Misto, xa é o recreo, hai que aproveitar - animábano as súas amizades.
- Que non! Que non e que non! - volvía roñar.

14. Cantos amigos tiña Misto?

.....

.....

15. Como se chamaban?

.....

.....



E, DE NOVO, IRRITÁBALLE A CALOR, EMERXÍAN AS CHISPAS E, ENTÓN...

LUUUME! E RESORTE, BOTÓN E PARAFUSO SOPRABAN ATA QUE MIXTO SE APAGABA.

E, de novo, irritáballe a calor, emerxían as chispas e, entón...

LUUUME! E Resorte, Botón e Parafuso sopraban ata que Mixto se apagaba.

16. Ti tes amigos?

.....

17. Escribe tres amigos importantes na túa vida.

.....

18. Por que son os teus amigos?

.....

.....
.....



E PAPÁ TAPÓN SOPRABA E SOPRABA ATA QUE
MISTO SE APAGABA.

E AO DÍA SEGUINTE, A HISTORIA REPETÍASE: MÁIS
ANOXOS, MÁIS CALORES, MÁIS CHISPAS E...

LUME! LUUME! LUUUME!

*E papá Tapón sopraba e sopraba ata que
Misto se apagaba.*

*E ao día seguinte, a historia repetíase: máis
anoxos, máis calores, máis chispas e...*

LUME! LUUME! LUUUME!

19. Debuxa a papá Tapón apagando o lume de Misto.





E AO OUTRO. E TAMÉN AO OUTRO.

MAMA PINZA NON SABÍA COMO SEGUIR SOSTENDO
AQUELA SITUACIÓN.

PAPÁ TAPÓN NON ERA QUEN DE CONTROLALA.

A MESTRA NOVELO ESTABA FEITA UNHA LEA.

E ao outro. E tamén ao outro.

*Mama Pinza non sabía como seguir sostendo
aquela situación.*

Papá Tapón non era quen de controlala.

A mestra Novelo estaba feita unha lea.

20. Subliña no texto os protagonistas que aparecen.

21. Que emoción tiña Mixto para que mamá Pinza,
papá Tapón e a mestra Novelo estiveran tan
desesperados?

.....

.....

22. Cando te sistes ti como Misto?

.....

.....
.....

.....



E RESORTE, BOTÓN E PARAFUSO XA O INTENTARAN TAMÉN TANTAS VECES QUE DESISTIRÁN, PORQUE MISTO SEMPRE ACABABA IGUAL.

MISTO, POUCO A POUCO FOISE APAGANDO, FANCÉNDOSE MÁIS PEQUEÑO E SENTÍNDOSE MÁIS SÓ.

E Resorte, Botón e Parafuso xa o intentaran tamén tantas veces que desistirán, porque Misto sempre acababa igual.

Misto, pouco a pouco foise apagando, fancéndose máis pequeno e sentíndose máis só.

25. Senticheste algunha vez só?

.....

26. Que fixeches ou que farías se te sentises así algunha vez?

.....

.....
.....

.....



ALGO TIÑA QUE FACER. MAMÁ, PAPÁ E A MESTRA DICÍANLLE QUE ANOXARSE NON TIÑA POR QUÉ SER MALO: O MALO ERA QUE A RABIA O CONTROLASE DAQUEL. PERO, COMO ÍA CONSEGUIR QUE O LUME NON SE APODERASE DEL?

PENSOU, PENSOU E PENSOU. E VOLVEU PENSAR: NA CALORIÑA, NAS CHISPAS, NO LUME E EN COMO O AXUDABAN OS DEMAIS. E SEGUIU PENSANDO. ATÉ QUE, DE SÚPETO, CREOU TER A SOLUCIÓN.

Algo tiña que facer. Mamá, papá e a mestra dicíanlle que anoxarse non tiña por qué ser malo: o malo era que a rabia o controlase daquel xeito. Pero, como ía conseguir que o lume non se apoderase del?

Pensou, pensou e pensou. E volveu pensar: na calorina, nas chispas, no lume e en como o axudaban os demais. E seguiu pensando. Até que, de súpeto, creou ter a solución.

27. Que cousas fan que te anoxes moito?

.....
—————
—————
.....
.....
—————
—————
.....



AO DÍA SEGUINTE, CANDO MAMÁ PINZA E PAPÁ TAPÓN FORON ESPERTALO...

- NON QUERO! NON QUERO E NON QUERO! -
INSISTIU MISTO.
- PERO MISTO, XA É DÍA, HAISE QUE LEVANTAR -
DIXÉRONLE MAMÁ PINZA E PAPÁ TAPÓN.
- QUE NON! QUE NON E QUE NON! - VOLVEU
TEIMAR.

Ao día seguinte, cando mamá Pinza e papá Tapón foron espertalo...

- Non quero! Non quero e non quero! -
insistiu Misto.
- Pero Misto, xa é día, haise que levantar -
dixéronle mamá Pinza e papá Tapón.
- Que non! Que non e que non! - *volveu
teimar.*

28. Como fas ti para calmar esa rabia?

.....

.....

.....



A RABIA COMEZABA A APODERARSE DEL, XA SENTÍA CALOR, AS CHISPAS ASOMABAN E, ENTÓN ... MISTO SOPROU, SOPROU E SOPROU, UNHA VEZ E OUTRA; COMO TANTAS VECES FIXERAN MAMÁ PINZA, PAPÁ TAPÓN, A MESTRA NOVELO E MESMO BOTÓN, RESORTE E PARAFUSO.

A rabia comezaba a apoderarse del, xa sentía calor, as chispas asomaban e, entón ... Misto soprou, soprou e soprou, unha vez e outra; como tantas veces fixeran mamá Pinza, papá Tapón, a mestra Novelo e mesmo Botón, Resorte e Parafuso.

28. Qué é o que realmente axuda a calmar a Misto?

.....

.....

29. Ensinámos nós a Misto a relaxarse?

Facemos algún dos exercicios de respiración que estamos aprendendo este curso para sentirmos mellor despois do patio e calmarnos para rematar mellor a xornada (a estrela coa man, as figuras xeométricas...)



AS CHISPAS EMPEZARON A ESVARECERSE, A CALOR FOI AMAINANDO E O SEU CORPIÑO COMEZOU A RELAXARSE, TANTO QUE OS SEUS OLLOS AFROUXARON E PUIDO VER OS ROSTROS EMOCIONADOS DE MAMÁ E PAPÁ.

MISTO DESCUBRIRA QUE SOPRANDO SEMPRE APAGARAN OS SEUS LUNES. POR QUE NON PROBAR EL? E ASÍ O FIXO. E ABOFÉ QUE FUNCIONOU! E, COMO DESTA VEZ NON HOUBO LUME, PUDIERON FUNDIRSE NUNHA CALOROSA APERTA SEN TEMOR A QUEIMARSE.

As chispas empezaron a esvarecerse, a calor foi amainando e o seu corpiño comezou a relaxarse, tanto que os seus ollos afrouxaron e puido ver os rostros emocionados de mamá e papá.

Misto descubrira que soprando sempre apagaran os seus lumes. Por que non probar el? E así o fixo. E abofé que funcionou! E, como desta vez non houbo lume, pudieron fundirse nunha calorosa aperta sen temor a queimarse.

FIN

